

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa do Concello de Ames, sendo as 11:00 do día 14 de abril de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames e responsable da Área de Deportes.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames

José Antonio Rueda de Valenzuela, interventor do Concello de Ames

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativo do departamento de Contratación.

A mesa de contratación constituída no procedemento arriba indicado, constatou na sesión celebrada o 22 de marzo de 2016, para proceder á apertura das ofertas económicas que as presentadas polas seguintes empresas estaban incursas en presunción de temeridade:

- A Billarda S.L.
- "Hebe Sport S.L.

Procedeuse por tanto a requirir aos licitadores en cuestión para que no prazo de 5 días naturais presentasen a documentación acreditativa da viabilidade da súa oferta, sendo, entre outros, os criterios para apreciar o carácter desproporcionado da mesma os seguintes:

- 1) Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2) Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
- 3) Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Dáse conta igualmente que o anterior requirimento foi remitido o 31 de marzo de 2016 vía email, sendo recibidas polo seus destinatarios o 1 de abril de 2016.

A empresa "A Billarda S.L." non presenta documentación algunha a efectos de xustificación.

A empresa "Hebe Sport S.L." anuncia mediante fax recibido no departamento de contratación o día 6 de abril de 2016 o envío da documentación xustificativa mediante correo urgente da mesma data.

En relación con este trámite a citada empresa manifesta *"que a oferta económica presentada no Anexo III para a contratación de Socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial e nas piscinas descubertas de titularidade municipal correspóndese coa oferta anual"*

O licitador manifesta por tanto que a súa oferta se refire a un ano, en vez dos catro anos que corresponden á totalidade do contrato, e que sería o que debería figurar na proposición da oferta económica segundo o modelo establecido no Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

O artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas dispón que *“Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese o presuposto base de licitación, variará substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada...”*

A mesa de contratación debe entender ao momento da apertura das ofertas que as formuladas polos licitadores corresponden en todo caso aos catro anos de duración máxima do contrato, sen que exista posibilidade de interpretalo doutro xeito. Por aplicación do criterio contido na Sentencia 01199/2004 do Tribunal Superior de Justicia de Madrid a Mesa non pode por tanto arrogarse a facultade de suplir a vontade dos licitadores, nin admitir que se realicen aclaracións á oferta neste intre do procedemento, no que se coñecen as ofertas dos restantes licitadores, de tal xeito, que de admitírense aclaracións na oferta estaríanse a vulnerar os principios de igualdade e concorrencia.

Procede en consecuencia propoñer o rexeitamento da proposición de Hebe Sport S.L. polos motivos e razoamentos expostos.

A continuación, e dando por excluídas as proposicións presentadas polos licitadores “A Billarda S.L.” e “Hebe Sport S.L.”, procedese a calcular a puntuación das ofertas dos restantes licitadores resultando o seguinte:

Empresa	Oferta	IVE	Prezo total	Puntuación
Federación de salvamento e socorrismo de Galicia	194.000,00	40.740,00	234.740,00	12,06
Podium Gestión Integral S.L.	191.329,45	40.179,19	231.508,64	12,23
Barbatana S.L.	190.971,00	40.103,91	231.074,91	12,25
Eulen S.A.	159.600,00	33.516,00	193.116,00	14,66
Seforgasa S.L.	208.553,28	43.796,19	252.349,47	11,22
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	168.709,81	35.429,06	204.138,87	13,86
Serviplus total S.L.	156.000,00	32.760,00	188.760,00	15,00
Patarruxo Lecer e Tempo Libre S.L.	197.080,76	41.386,96	238.467,72	11,87
Esproade S.L.	185.900,00	39.039,00	224.939,00	12,58
Cruz Roja Española	198.437,29	41.671,83	240.109,12	11,79
Aunar Group 2009 S.L.	181.920,48	38.203,30	220.123,78	12,86
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	171.800,00	36.078,00	207.878,00	13,62
Emsebur S.L.	192.749,32	40.477,36	233.226,68	12,14
Axiña Servicios Deportivos S.L.	175.546,14	36.864,69	212.410,83	13,32

A continuación, a mesa de contratación de acordo co establecido no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, e do artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público,

procede a elaborar a proposta de clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

Empresa	Oferta	IVE	Prezo total	Puntuación
Serviplus total S.L.	156.000,00	32.760,00	188.760,00	15,00
Eulen S.A.	159.600,00	33.516,00	193.116,00	14,66
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	168.709,81	35.429,06	204.138,87	13,86
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	171.800,00	36.078,00	207.878,00	13,62
Axiña Servicios Deportivos S.L.	175.546,14	36.864,69	212.410,83	13,32
Aunar Group 2009 S.L.	181.920,48	38.203,30	220.123,78	12,86
Esproade S.L.	185.900,00	39.039,00	224.939,00	12,58
Barbatana S.L.	190.971,00	40.103,91	231.074,91	12,25
Podium Gestión Integral S.L.	191.329,45	40.179,19	231.508,64	12,23
Emsebur S.L.	192.749,32	40.477,36	233.226,68	12,14
Federación de salvamento e socorrismo de Galicia	194.000,00	40.740,00	234.740,00	12,06
Patarruxo Lecer e Tempo Libre S.L.	197.080,76	41.386,96	238.467,72	11,87
Cruz Roja Española	198.437,29	41.671,83	240.109,12	11,79
Seforgasa S.L.	208.553,28	43.796,19	252.349,47	11,22

Por todo o exposto, e a vista das puntuacións obtidas, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento de licitación á empresa "A Billarda S.L." por non xustificar en prazo a súa oferta que incurria en Baixa Temeraria.

Segundo.- Propoñer a exclusión do procedemento de licitación á empresa "Hebe Sport S.L." ao variar substancialmente o modelo establecido, ao amparo do artigo 84 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Trasladar ao órgano de contratación a clasificación dos licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación do servizo denominado de "Socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas de titularidade municipal" a empresa **SERVIPLUSTOTAL S.L.**, con **CIF B-70019294** coas seguintes condicións:

Oferta económica totalidade do contrato:

Base Imponible: 156.000,00 €uros
IVE ao 21%: 32.760,00 €uros
TOTAL: 188.760,00

E non habendo mais asuntos a tratar a presidenta deu por rematado o acto, sendo as 11:30 do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesa certifico.



